



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 7 DE FEBREIRO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández (que incorporouse máis tarde)

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

(Asiste o Arquitecto Municipal, D.Faustino Mena Mur)

—

Na Casa Consistorial de Baiona, a sete de febreiro de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION ACTA ANTERIOR.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros se teñen alegacións que facer á acta correspondente ó día 10 de xaneiro de 2008, e non producíndose ningunha fica aprobada por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES SOCIAIS, CULTURAIS, MEDIO AMBIENTAIS, DE PROMOCION, DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, XUVENTUDE, DEPORTIVAS E ACTUACIONES MUSICAIS DO ANO 2008 NO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Co obxecto de fomentar a actividade asociativa e cultural do noso municipio propónse a aprobación das bases para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2008.

Estas bases cumpren co obxectivo de conceder ós interesados unha axuda económica, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de transparencia, e publicidade o abeiro da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Baiona e da normativa existente.

O importe total da consignación para estas axudas ascende a 21.000 € que se imputarán á partida 463-48900 do orzamento de 2007 prorrogado para o 2008, sen prexuízo de que se poida incrementar no Orzamento do ano 2008.

É por isto que se propón ó Pleno da Corporación:

PRIMEIRO:- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2008 no Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

CONTINUA.- Como estes últimos anos, vense aplicando unha consignación orzamentaria para apoiar o desenrolo de todo este tipo de actividades, que neste ano será de 21.000 euros; ós cales son empregados para poder mellorar e apoiar todas estas actividades. Como se pode apreciar no informe de Intervención, neste 2008 fuxionanse o chamado e antigo Plan Cultural e a convocatoria das distintas actividades ó requirirse en ambos unha documentación a aportar semellante así como as xustificacións para poder optar á dita subvención, conseguindo desta maneira unha maior uniformidade. Polo tanto, dende o Partido Popular, pedimos seu voto a favor.

SR.LORES, PSOE.- Bós días a todos; por fin dende aquel ano 2005 que se empezou con este concepto de Plan Cultural e de subvencións, que nalgún momento, casi, casi, no primeiro ano, incluso eran incompatibles, e que despois de moitas discusións e moitas aportacións por parte do PSOE e tamén doutros grupos, ó final chegamos á conclusión de unificar nunhas Bases de subvencións, as asociacións culturais.

Dende o partido socialista o obxecto destas subvencións parécenos ben, que se trate de potenciar a actividade cultural da vila, parécenos correcto e ben; incluso nos parece ben o procedemento que se lle dera, digamos dunha forma técnica.

Dende o PSOE vemos un pequeno problema, que simplemente é que a este Pleno tráense unhas bases de subvencións pero ignórase totalmente a parte cultural por parte do Concello, nós non sabemos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

cal é a política cultural deste Concello, ou é que non hai ningunha; falta dende fai 1 ano política cultural en Baiona, non existe; polo tanto a nós preocúpanos profundamente que por parte do Concello non se plantexe unha política cultural. Non sabemos que ocurriría en Baiona si desapareceran asociacións como a das Amas de Casa, como á das Viúvas, a Banda de Música de Belesar, a de Baiona, o Coro de Homes, a Coral Polifónica, o grupo de sevillanas, si desaparece todo esto de Baiona, Baiona non ten nin unha soa actividade cultural, quedaríamos cunha actuación de Caixanova e dúas actuacións da Concellería de Cultura; isto preocúpanos; e preocúpanos tamén que a estas asociacións que son as que levan o peso cultural de Baiona, se lle concedan 21.000 euros; o ano pasado eran 18.000 máis 6.000 do Plan Cultural, 24.000 euros, e resulta que despois de todo un ano sustentando a única política cultural que houbo en Baiona que foi por mor das Asociacións, rebaixámoslles 3.000 euros, cando esta cuantía de 21.000 euros é o que costa unha orquesta nunha festa na Palma; nos parece que aquí se está cometendo unha gran inxustiza, e entendemos que si esto sigue así, que dá a impresión de que si porque nin siquiera nestes entroidos houbo un cartel anunciador das actividades, a campaña de Nadal tamén foi triste sin unha soa actividade nas rúas excepto aquela que potencia a ACEBA; entendemos que esta cifra de 21.000 euros é pouca e que habería que aumentar esta cuantía, parécenos pouco tendo en conta que tampouco sabemos cal vai a ser o orzamento deste ano e creemos que antes de sacar unha base de subvencións deberíamos aprobar os Orzamentos e dacordo con iso saber cál sería a cuantía máis idónea para estas Asociacións.

(Neste intre incorpórase á sesión a Sra.Rodríguez, BNG).

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Dende que este goberno, xa na lexislatura anterior, saca este tipo de bases, sempre decimos o mesmo, dicen que as entidades beneficiarias teñen que estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Baiona, entón volvemos a insistir no mesmo: hai asociacións a nivel da Mancomunidade do Val Miñor que fan actividades nos 3 Concellos, entón pensamos que isto de que teñan que estar inscritas no noso Concello pois debería ser un pouco máis amplo aos 3 Concellos do Val Miñor. Por outro lado, no caso de actuacións musicais di na páx..3, punto 2º "No caso de actuacións musicais deberán realizar unha actuación, previa solicitude da Concellería de Cultura, na que deberán participar cun mínimo do 75% dos seus membros", vamos a ver, eu teño aquí algúns grupos do Concello de Baiona, por exemplo, o Coro de homes, que cobra 600 euros nunha actuación normal, e son 50 membros; e a unha Coral, cun máximo de 50 membros, o Concello de Baiona daríalle unha subvención de 500 euros e coa obriga de facer unha actuación no noso Concello, co cal está perdendo 100 euros; e iso non é o máis sangrante, por exemplo ós Garabullos, que son 7 ou 8 persoas, eles cobran 400 euros e se lles da uha subvención de 100 euros, ¿como van a facer unha actuación practicamente gratuíta dándolle soamente 100 euros?, podemos seguir así: os Tunantes, cobran 300 euros por actuación, o Concello para que teña a subvención de 100 euros lle obriga a facer unha actuación gratuíta; en fin, poderíamos seguir, teño moitos grupos ós que non lle valería a pena acollerse a estas subvencións.

Teño aquí as subvencións da Deputación de Pontevedra, e podemos dicir: "si pero é que no noso Concello hai subvencións que son superiores ás da Deputación", sí, é certo que son superiores, pero é que a de Deputación é unha axuda ó orzamento do grupo, ou sexa, si por exemplo o Concello de Baiona solicita unha actuación dun grupo que cobra 1000 euros e a Deputación lle subvenciona 400, o Concello de Baiona so terá que pagar 600 euros porque os outros 400 dallos Deputación, cousa que aquí no Concello non funcionan así, ou sexa, resulta que están obrigados a facer unha actuación gratuíta ó Concello, gratuíta, porque realmente o da subvención non cubre o orzamento que ten o grupo por actuación.

SR.ALCALDE.- Me estou perdendo no debate, non sei si estamos falando de Cultura, de cartos, estou perdido.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Temos unha visión que loxicamente a oposición non ten, nós estamos a favor.

SR.RODAL, PP.- Primeiramente responderlle ó Sr.Lores que como dixo no último si é baionés, e me consta, pero non sei si anda polas nosas rúas porque, defendendo á Concelleira de Cultura, decir que o cartel do Nadal foi moi amplo e tivo moitísima aceptación tanto polos baioneses como pola xente que ven de fora, ó mesmo que está pasando co Entroido.

Vostede comentaba dos 24.000 euros do ano pasado, si é certo, pero é que este ano se pasa de 18.000 a 21.000 euros, ¿porqué?, porque os 6.000 euros que sumaban estes 24.000 eran do Plan Cultural, que soamente foron xustificados 1.000 euros deses 6.000, entón por iso non ten sentido pór esa cantidade; aínda si subíronse eses 3.000 euros.

En canto o que dixo dos Orzamentos, me imaxino que terán moitas gañas de ver os orzamentos deste ano, non se preocupen que en breve os terán e verán tódalas propostas culturais así como os demais campos das distintas concellerías.

Contestándolle á Sra.Rodríguez, decirlle que eu creo que o seu grupo debería protestar menos e involucrarse máis en tódalas actividades porque penso que os concelleiros estamos aquí para desenrolar a nosa labor, para asistir ós Plenos, pero tamén estamos para asistir ás actividades culturais, e eu creo que tanto vostede como o seu compañeiro de Corporación deberían asistir moitísimo máis a tódalas actividades que sexan, ben sexan na igrexa como fora da igrexa, porque quero recordarlle que a Xosé Enrique soamente o vin nunha Coral xustamente cando chegaban as eleccións; pregaríalle que asistiran máis a todos estes actos; ademais imaxino que dentro dos seus votantes, que casi chegan ós 1000, haberá moita xente que teña os seus fillos en Corais ou en distintas actividades ós que me imaxino que lles gustaría, xa que por iso lles votaron a vostedes, estar representados neses actos.

SR. LORES, PSOE.- Polas rúas de Baiona ando, paseo e vivo; posiblemente temos criterios distintos sobre cal sería un bo programa ou un mal programa, de iso non vamos a discutir, pero dígolle que a idea que eu teño, con tódolos respetos á Concelleira, é que o programa cultural do ano pasado foi moi pobre e seguiu sendo pobre durante todo este ano, e como o Alcalde preguntaba si falamos de cartos ou de Cultura, falamos das dúas cousas, e dos cartos que este goberno quer adicar á Cultura; polo tanto ata agora, coa experiencia que temos destes 7 meses de goberno, a cultura de Baiona está sustentada polas distintas Asociacións; asociacións que teñen o seu traballo, que o fan ben, e que dignamente teñen as súas actuacións na rúa, neste pobo, e da que todos os que asistimos estamos orgullosos delas, pero nós o que pedimos é que aparte do traballo das asociacións haxa tamén un traballo por parte do grupo de goberno, e que si só se vai a sustentar o programa cultural nesas asociacións, que entón se adique máis orzamento a estas subvencións, é o único que estamos decindo; estamos totalmente orgullosos do traballo que fan cada unha destas asociacións, fánlo ben e desinteresadamente, polo tanto apoiémolas; si por parte do Concello se vai a delegar tódala política cultural nelas, como se está facendo, pois apoiémolas; e cando toque falar dos orzamentos, Sr.Rodal, xa falaremos; di que temos interés, non, é que o normal é que se presenten, e a poder ser, antes de empezar a gastalos, polo tanto o normal sería que nestes momentos xa tiveran os orzamentos e a partir dese orzamento empezar a distribuir os cartos, aquí facemos un pouquiño ó revés.

Nos vamos a abster neste punto, moitas gracias.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- O Sr.Alcalde non sabe si falamos de actividades culturais ou de cartos, ben, o punto é "Bases de subvencións", ou sexa, estamos falando de cartos, loxicamente, se entende que son cartos para as actividades culturais, realmente estamos falando das dúas cousas.

Sr.Rodal, non sabía eu que pasara lista cada vez que hai unha actuación cultural en calquer punto do Concello de Baiona, pero non se preocupe que a próxima que haxa me porei diante sua e saludareillo para decirlle "anóteme que estou", no sabía que pasara lista para mirar quen dos 17 que estamos na Corporación Municipal asiste ou non, pero menos mal que soamente pasa lista dos 17 e non dos 11.000 habitantes deste pobo.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Cando se fala de asistencia ós actos teño que defender ó Sr.Rodal, porque claro, lamento moito que nunca veñan nin ós actos oficiais do 1º de marzo os representantes do Bloque; viñan cando tiñan aquelas pancartas negras que eran contra D.Manuel Fraga, pero agora xa non veñen; espero que cambien e que acudan ós actos.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 2 en contra, BNG, producíndose 6 abstencións, PSOE.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2008 no Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

4.-MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA PRESTACION DO SERVIZO DE VODAS CIVIL.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Se propone al Pleno la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por prestación del servicio de bodas civiles.

Se lleva a cabo una modificación de la tarifa prevista en el artículo 4º de la Ordenanza, tarifa que no se revisaba desde hace tres años y que por tanto pretende recoger los incrementos de coste habidos desde esa fecha.

Por otro lado se recoge una nueva posibilidad, como es la de celebrar bodas fuera de la Casa Consistorial y se prevé la tarifa a cobrar en ese supuesto.

De conformidad con el estudio de costes elaborado por Intervención este servicio supondrá para el ejercicio de 2.008 un coste aproximado por ceremonia de 135,36 €, si se realiza en la Casa consistorial y 120,85 € si se realiza fuera, y una tasa a liquidar de 100 y 120 €, respectivamente. Por lo que el importe de la tasa propuesta no excede del coste de prestación de este servicio, conforme establece el artículo 24.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, generando déficit en el primer caso, y en el segundo se consigue la cobertura del servicio

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- “Modificar el artículo 4º y la Disposición Adicional Segunda de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por prestación del servicio de bodas civiles, con efectos a partir de la publicación del texto íntegro de la Ordenanza en el BOP, previos los trámites correspondientes”

CONTINUA.- Penso que queda suficientemente clara a proposta da Alcaldía, facia 3 anos que non se revisaban as taxas, subirán todas aquelas vodas civís que se realicen no horario previsto na Casa Consistorial pasaran de 80 a 100 euros; as que se realicen fora do horario, ou sexa, pola semana, de 5 a 9, pasarán a 120 euros; e como novidade, xa que hai moitas solicitudes de facer vodas civís fora da Casa Consistorial debido ó patrimonio e o carácter cultural de Baiona, se contempra esta posibilidade e este é o motivo de que se valore esta nova taxa proposta de 120 euros, e como ben se comentaba, mantendo este orde dentro da Lei, ou sexa, o coste que teñen que pagar as persoas que piden este servizo é inferior ó coste real que éste ten.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- O grupo socialista vai seguir coa coherencia e tendencia das nosas intervencións e votacións cando o equipo de goberno plantexa modificacións das ordenanzas fiscais en virtude de actualizacións de taxas e prezos públicos vía IPC ou apreciación do diñeiro, e a súa conseguinte modificación da Ordenanza. Entendemos que é unha responsabilidade do grupo de goberno, é unha acción de goberno e polo tanto a respetamos. Máis si cabe neste intre onde a taxa dende xaneiro do 2005 non se actualizaba e o coste do servizo aumenta ano tras ano.

Unha vez dito esto o que o grupo socialista quer plantexar era aproveitar a oportunidade dunha modificación desta Ordenanza fiscal para facer unha proposta ó equipo de goberno e polo tanto requerirle o seu compromiso de poder leválo a cabo, que é modificar esta ordenanza con algún tipo de discriminación positiva cara a aquelas parellas que soliciten a cerimonia da voda no Concello de Baiona, unha discriminación positiva que podería instrumentalizarse en virtude dalgún tipo de exención parcial ou total, de bonificación ou redución, daquelas parellas que estiveran empadroadas en Baiona ou que se poideran empadroar; vostedes en Plenos anteriores falaban sempre de que cando modificabamos algún tipo de ordenanza fiscal incentivaban a familias residentes en Baiona e falaban da necesidade de atracción de novos habitantes en Baiona; dende logo os beneficios económicos e sociais de novos habitantes en Baiona son moi superiores sempre ó sacrificio orzamentario que pode ter un Concello a través dunha bonificación ou dunha exención.

Polo tanto o noso grupo quer plantexar esta modificación, que se instrumentalice e se estudie, e se poida levar a cabo nun prazo corto de tempo e non perder esta oportunidade para poder incentivar novos empadroamentos. Repito que o sacrificio económico sería pírrico, falamos de 34 parellas no ano 2007, e un orzamento de 3000 euros, polo tanto o seu beneficio económico e social sería moi superior. O grupo socialista non tería ningún inconveniente en apoiar este punto da Orde do Día si este requerimento fora atendido.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A nós parécenos unha barbaridade que se cobre 100 ou 120 euros por facer unha voda no Concello; en todo caso Sr.Alcalde, quizás me perdin nalgún momento dende cando se fan vodas fora do Concello, porque creo recordar que non fai moitos meses, 1 ano quizás, eu falei co Alcalde por unha parella que quería casarse no Parador e me dixo que non, que había un acordo (que eu recordei perfectamente despois cal era) de que non se podían facer vodas fora do Concello; ¿dende cando se rompeu ese acordo ou é que existe outro tipo de acordo?.

En todo caso nos parece que en Baiona casarse sae caro, non sei o que costará noutros Concellos, pero aquí sae caro, e digo isto porque non estamos moi dacordo co desglose que fai Intervención dos cálculos que supón facer unha voda neste Concello. En todo caso a nosa proposta é que para abaratar estes custos, e ademáis non ten sentido que un imposto teña superávit senón que consiga que as retribucións que se obteñen por él dean polo menos os custos que ocasiona, xa que temos coñecemento de que nin o Alcalde nin ningún concelleiro dos que estamos aquí cobramos por este servizo, e neste apartado sí aparece unha partida de 57,63 euros pola asistencia a unha voda, pois



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

que isto que repercute directamente e que se desconte da tarifa que aquí se plantexa. Si fora así, nós non teríamos inconvinte en apoiar a Moción.

Gustárame que me contestara a miña pregunta de si houbo algún tipo de acordo posterior en canto a celebración das vodas fora do Concello.

SR.ALCALDE.- Cabía a posibilidade dentro da ordenanza actualmente en vigor para casos excepcionais de que se poideran celebrar fora; desgraciadamente nalgún caso, e non un concelleiro do grupo de goberno só, senón dalgún outro, se celebrou fora; para evitar precisamente esa característica de excepcionalidade que poidera levar a confusións, se decidiu dar esa posibilidade lóxicamente cun incremento en canto á tarifa, por eso se trae esta modificación.

Respecto ó segundo que apuntou, a descontar o que cobra, o que figura como coste, o coste do concelleiro que evidentemente non cobra por asistir á celebración destas vodas civís, se entende porque é o coste que ten dentro do que o Presuposto municipal paga ós concelleiros e ó Alcalde; ten un coste, é dicir, que haxa un concelleiro ou un Alcalde que faga unha voda non ten un coste directo para ese concelleiro ou Alcalde pero sí que o ten para o Concello que está pagando ós concelleiros do equipo de goberno dunha forma e ós da oposición de outra, polo tanto iso se suma ahí, e lóxicamente non ten porque soportar o Concello de Baiona o coste adicional que supón este tipo de ceremonias, é un tema privado e estamos importante de que Baiona teña unha demanda importante, que a xente queira casarse aquí, encantados, pero lóxicamente iso ten un coste e vai dentro do traballo que os concelleiros teñen que realizar; digamos que esa repercusión vai para o Concello, neste caso, a través da prestación.

SR.VILAR, CMÑ.- Me parece correcto este tipo de cuotas e máis tendo en conta a realidade de Baiona, que é unha das estadísticas que hai que manexar, foi unha pena que o Sr.Fernández non estivera na Comisión; a maioría das bodas que se celebran neste Concello son de xente de fora, xente de fora que elixe Baiona para casarse, e nós temos que darlles facilidais, tendo en conta que unha voda normalmente se celebra aquí nun establecemento de hostelería e ó fin e ó cabo temos que ter esa visión de que Baiona ten esta realidade, acolle moitas vodas, e polo tanto temos que facilitar que a xente se case aquí. Ademais de iso, que paguen tamén é lóxico, e si o Concello obtén beneficios por casar, tamén é normal e positivo, porque ó final todo isto son cartos que ingresan no Concello de Baiona e non todos os servizos teñen que ser deficitarios; a mín me parece moi ben que os concelleiros non cobren por asistir ás bodas porque teñen que prestar ese servizo ós cidadáns, pero que de xeito ten que haber unha tarifa acorde cos gastos que xenera, iso é positivo; e regular as vodas que se celebran fora do Concello cando todos coñecemos a realidade de Baiona e sabemos que cando é así normalmente se celebran no Parador ou nalgún outro establecemento emblemático, e os que casan son concelleiros do equipo de goberno, ou son da oposición, pois é lóxico que estén amparadas nunha Ordenanza. Que se regule este tema é unha imposición en positivo e dacordo coa realidade, polo tanto nós estamos a favor deste punto.

SR.RODAL, PP.- Decirlle ó Sr.Estévez que a proposta do grupo socialista será estudada, pero tamén nos gustaría que expuseran estas ideas na Comisión Informativa que foi unha semana antes, para así, ao mellor, poder incluírla neste Pleno de hoxe.

SR.ALCALDE.- Decirlle tamén ó Sr.Estévez que isto xa foi tratado cando se creou esta moción e dende logo non había, non atopamos un aval, unha base xurídica para poder facelo, incluso estivemos falando con diferentes Concellos para ver si algún deles tiña esa posibilidade e o que nos ata agora atopamos é que non era posible, non é por un tema de non primar senón porque se decía que non era xusto discriminar, neste caso, un servizo de voda, por un tema de residencia; si houbera algún cambio que poidera amparar todo isto sería estudado e dende logo nós estamos por favorecer o empadroamento e con ódalas medidas que podamos adoptar nese camiño vamos a estar dacordo.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Recollendo as palabras de Manolo Vilar fago máis énfasis nesta nova proposta xa que a maioría das parellas que se casan en Baiona poden vir de fora, polo tanto sexa ese instrumento o que podemos modificar na ordenanza fiscal, que do xeito máis adecuado posible se busque a fórmula e a discriminación positiva a través de calquer tipo de redución ou bonificación, como fixemos en Plenos anteriores, obviamente será moi ben recibida polo grupo socialista.

Por outra banda quero aproevitar a situación deste punto da Orde do Día para facer unha pequena suxerencia ou crítica constructiva, o xeito das vodas civís en Baiona, do que supón a cerimonia en sí; creemos que é paradóxico que estemos tratando unha actualización dun coste dun servizo onde queremos que a parella que se casa percibe, nesta estrutura de costes que fixo Intervención, unicamente unha instancia administrativa e un suministro de enerxía eléctrica, eu non sei que é máis triste: vir a facer unha compulsa nos servizos administrativos do Concello ou casarse. Eu creo que o administrado cando sae do Concello ten a mesma sensación de acto administrativo. Penso que todos, e eu particularmente asistín a vodas en Galicia e fora de Galicia, e o Concello correspondente sempre facía algún tipo de esforzo, ben de loxística, ben de infraestrutura, para facer dese día un día diferente; creo que todos podemos falar do matrimonio con moitas diferencias e acepcións pero creo que todos estamos dacordo en que sexa un día diferente, polo cal a nosa suxerencia dende o grupo socialista é que o Concello de Baiona faga algún tipo de esforzo, que faga que esa cerimonia sexa o máis cálida posible, e quitarlle a frialdade que ten agora; agora mesmo creo que se plantexa a situación como “aquí teñen o salón, aquí o concelleiro que lee os artigos, e rapidito”; non pedimos un esforzo económico nin moito menos pero sí algún tipo de instrumentalización desa cerimonia cun detalle, un regalo, algo, para que esa parella de noivos sexa ou non sexa de Baiona, teña un día especial e que nos colaborem en iso. A nosa postura tendo en conta as súas verbas, é positiva.

SR.ALCALDE.- Unha pregunta Sr.Estévez ¿cántas vodas oficiou vostede?. Sr.Fernández ¿e vostede?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu algunha máis, pero bueno, non moitas, e creo que ningunha se separou aínda, o feito é importante. Falabamos que non estabamos moi dacordo co desglose que fixo a Intervención porque hai unhas cifras que non compartimos, evidentemente. Me imaxino que un funcionario do grupo C 2) si ten que botar catro horas para resolver a documentación dunha voda, con que nos metan seis vodas en 1 mes temos a un funcionario colapsado todo o mes, polo tanto non comparto estas contas nin moito menos tampouco que supoña un gasto de 27,01 euros a limpeza da tirada de arroz e de flores porque normalmente as flores as levan os mesmos que as poñen, e dende logo por retirar o arroz 27 euros me parece un pouco excesivo. En todo caso eu non sei si incluso roza a ilegalidade cobrar unha taxa e que exceda dos gastos que supón, non sei si é legal; si collemos o pé da letra as verbas do Sr.Alcalde, que xustificaba cobrar 57,63 euros pola repercusión que ocasiona o concelleiro que vai a celebrar a voda, digo eu que si o Alcalde que cobra casi 800.000 pesetas ó mes, cobra 57,63 euros, un concelleiro do BNG debe de cobrar 10 veces menos, é decir, 5,76 euros, posto que a repercusión nosa é moitísimo máis barata; a mín non me gustaría que isto saíra ó público porque senón vamos a estar os concelleiros do BNG sábado tras sábado facendo vodas, e creemos que é unha función do equipo de goberno excepto nalgúns casos concretos. En todo caso non me parece correcto e é unha pena que non acepten a nosa proposta; decía o Sr.Vilar que tiñamos que facilitarlle ós veciños e veciñas sexan de Baiona ou non sexan, que se veñan a casar, pero si para vir a casarse lles subimos o prezo evidentemente van a deixar de vir, entón eu non sei si isto é unha estratexia para que deixen de casarse no Concello e vaian á igrexa, ao mellor é unha estratexia que os obispos lle están inculcando ó PP, aparte da estratexia electoral que están levando a cabo na campaña, en todo caso non nos parece correcto que se cobren 100 nin 120 euros nos seus casos por facer unha voda por parte dun concelleiro neste Concello.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu teño bastante experiencia casando xente neste Concello e de feito a primeira persoa que casei foi ó anterior portavoz do PSOE, Sr.de la Peña, foi a primeira persoa que se casou no Concello cunha voda civil antes de que estivera metido na política; pero independentemente de



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

isto lle quero decir o seguinte con relación o que plantexou o señor portavoz do PSOE, a mín paréceme moi ben que teñamos que axudar para que as vodas que se celebran aquí sexan o máis cerimoniais posible para darlle calor, para que dalgún xeito sexa un día sinalado para a xente que se casa, sexa en primeiras ou en segundas nupcias, é o día da súa voda, e o feito de que non figure ningún detalle do Concello é positivo no sentido de que estamos abertos a que esas persoas podan facer e adornar a súa voda como eles queiran, algúns traen música, outros prefiren adornar o salón con flores, non se lles coarta esa iniciativa, e hoxe en día existen empresas que contratan as vodas, chegan aquí, adornan o salón, etc., o que quero decir é que isto é positivo porque si nós regulamos este tema cun detalle do Concello, algo controlado dende o principio, posiblemente anulamos esa iniciativa que solen tomar os conRAINTES, que as veces son do máis especial; o Concello nunca se opuxo os desexos deles, ó contrario, damos facilidais; penso que debe estar regulado o imprescindible, e o resto, a parafernalia que se pode montar, no sentido positivo, nunha voda, hai que deixarlle ós conRAINTES que son os que teñen que decidir. Dende o noso punto de vista, tal e como está a Ordenanza, está ben.

SR.ALCALDE.- Creo que o Sr.Fernández se confunde; a taxa, xa explicou no informe a Interventora, non pasa nunca do que é o coste do servizo, é sempre inferior.

Comentarlle ó Sr.Estévez e o Sr.Fernández que posiblemente porque tiveran poucas ocasións de celebrar, que creo que é importante, así o entendemos, que sempre se fale coas persoas que se van a casar uns días antes para organizar a cerimonia, que sempre vai pensada e non é chegar ó día e decir "isto é así, artigo 68, 67, 69, e se acabou o tema", non é así; persoalmente e con anterioridade se fala con eles, precisamente eu celebro este sábado unha, falo con eles, pregúntolles como queren facelo, dígolles que teñen aberto (como decía Manolo) o Concello, para facer tódolos arreglos que queiran, si queren traer aquí música ou non. O fundamental é que o Concello pon a súa disposición as instalacións; as veces os noivos din que non queren nada e que a cerimonia sexa rápida, outros din que si se pode pór un grupo de música, nunca houbo problema; que si queren falar 4 amigos do noivo ou da noiva, tampouco hai problema; todo son facilidades porque entendemos que é un acto importantísimo para unha parella e dende o Concello hai un respecto total e absoluto a que cada ún elixa a forma de casarse, e nós loxicamente tamén estamos implicados e coidando esas formas, normalmente se fai unha introducción xeral e se leen os artigos correspondentes, como manda a Lei, pero esta é a parte oficial; a xente queda contenta e dende logo que se dan as posibilidais dentro do Concello para que todo sexa dacordo cos seus gustos e intereses.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 15 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 6,PSOE), producíndose 2 abstencións, BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

- "Modificar o artigo 4º e a Disposición Adicional Segunda da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por prestación do servizo de vodas civís, con efectos a partir da publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, previos os trámites correspondentes"

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DE SERVICIOS E ACTIVIDADES DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE ASUNTOS SOCIAIS, BENESTAR E IGUALDADE.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Silva, PP.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SRA.SILVA, PP.- O grupo de goberno presenta esta Ordenanza ante as peticións de Asociacións e de particulares para que dende a Concellería de Igualdade e de benestar realizáramos cursos de entretememento e formación, entre outros, moi distintos ós que se viñan realizando nestas áreas enfocados á integración social, laboral, e outros tantos que veñen sendo subvencionados por organismos e entidades. Tamén fixéronse peticións na aula de informática de realización de cursos a niveis superiores que non se realizaban ata agora posto que os cursos que veñen subvencionados doutros organismos son básicos, e houbo xente que nos pedía acceder a cursos doutro tipo, e por elo fixemos esta Ordenanza, penso que poderíamos axudar a sobrelevar os gastos desa aula e tamén crear unha bolsa de cartos para realización de cursos superiores xa enfocados ás mulleres usuarias do Centro de Información á Muller con menos recursos. Os cursos teñen un coste significativo comparado co que costan os cursos en centros de Informática, este é un pouquiño o motivo porque nace esta Ordenanza.

SR.LORES, PSOE.- O partido socialista sorpréndese un pouco desta iniciativa, unha porque parece que hai un afán recaudador no equipo de goberno, practicamente estamos privatizando tódolos nosos espazos públicos e tódalas actividades públicas, polo tanto nós queremos meter o freno; en segundo lugar sorpréndenos tamén que este tipo de prezo público se especifique a Concellería de Benestar Social e Igualdade, non sabemos porque un curso que fai esta Concellería cobra e a de Cultura non, non sabemos moi ben cales son as diferencias e que competencias, ou que tipo de lexislación, para unhas e para outras.

O que xa nos parece casi, casi, un insulto á intelixencia, é o das exencións; a Concellería fai uns cursos e di que están exentas todas aquelas actividades de integración social e laboral e as destinadas a fomento de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, ¿e que outra cousa vai facer a Concellería de Igualdade e Benestar Social que non sexa integración social, laboral, e igualdade?, cando esta problemática social en Baiona esté cuberta falaremos doutras cousas; agora, adicar tempo e esforzos de costes de persoal en facer outro tipo de actividades cando para que unha traballadora social reciba a un veciño ten que esperar case un mes, ou para facer calquer trámite, porque non hai persoal, que nos adiquemos a facer unha academia dun servizo público parécenos, como pouco, un insulto á intelixencia.

Despois di “outras actividades que non estén subvencionadas”, pero si practicamente os Servizos Sociais ten unha rede de subvencións importante; traballemos, adiquemos o persoal e os esforzos do Concello en buscar outro tipo de financiación e de traballar coa Xunta de Galicia ou co Estado, ou coa Deputación, con outro tipo de Administracións que teñen máis recursos. Parécenos unha cousa extraña, ¿que pasa, que parece ser que a Concellería de Asuntos Sociais quer facer masters?, ou sexa, non fagamos actividades de auto-bombo e atendamos ás necesidades dos cidadáns; nós entendemos que isto é como pouco unha iniciativa perigosa.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Esta ordenanza da a entender que ata o de agora a Concellería de Benestar Social, Igualdade e Servizos Sociais nunca fixo ningún curso propio, ou sexa, sen subvención, porque nós entendemos que esta Ordenanza é para cobrar cursos de formación e demais pero que non teñen subvención de ningún estamento, sexa público ou privado, ou sexa, son pagados ó 100% polo Concello; non sei si a Interventora me pode dicir si isto é certo ou non. Referente ó informe de Intervención, na última páxina fala de un número medio de 15 alumnas, digo eu que poden ser alumnas ou poden ser alumnos, non teñen porque ser mulleres. Nada máis.

SR.ALCALDE.- Penso que hai unha forma xeral que inclúe a todos, non hai que dicir “españóis” e “españolas”, non hai que duplicar todo, se engloba; a señora Interventora tecnicamente fixo un informe que vostede pode rebatir, pero falar destas cuestións agora penso que vaise un pouco do que estamos falando neste Pleno.

SR.VILAR, CMÑ.- Nos estamos a favor.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SRA.SILVA, PP.- ¿Qué otros cursos se pueden hacer desde la Concejalía de Servicios Sociales?, pues los cursos que nos están demandando las Asociaciones y demás, o sea, hay que hacer las cosas adaptadas a las peticiones de los ciudadanos, que para eso estamos gobernando, y no las que se nos ocurran a nosotros en nuestras casas.

Cursos: arte floral, por ejemplo, hay personas que están en casa, que quieren ocupar su tiempo y quieren este curso, y así pasa con muchos otros cursos, que creo que no tienen que ser subvencionados, creo yo, porque la palabra lo dice: “servicios sociales”, no “ocupacionales”, con lo cual si se le puede estar dando un servicio a todas las demandas de los ciudadanos y te dicen que no les importaría pagar un precio, que ya digo que son simbólicos, pues estamos dando ofertas a todo el mundo; y si con eso podemos ayudar a crear, a subvencionar, a que en vez de 2 cursos gracias a esto se puedan hacer 4 cursos como puede ser el de agilidad mental y demás, que esto ya si que viene por lo Social, pues mejor que mejor, ganamos todos.

El tema de la espera en Servicios Sociales se lo puede preguntar usted a los suyos en el Gobierno Central, que se dedicaron a sacar una Ley de Dependencia, se dedicaron durante un año a bailar con una señora que tenía el título de trabajadora social, no lo sé, ellos cuando le hicieron la entrevista sabrían, estuvieron un año bailando con los usuarios y nos los remiten de repente a Servicios sociales; cuando en principio no contabamos para nada, ahora sí contamos, y tenemos que hacer informes sociales; yo no sé como usted entenderá, yo si entiendo que los informes sociales no se pueden sacar como churros, con lo cual el Ayuntamiento se ve obligado a contratar una segunda trabajadora social, cargo a nuestras cuentas, para poder sacar esto adelante; yo creo que con esto le contesto, podrían sacar la Ley de Dependencia pero ya que nos los echan a Servicios Sociales mandarnos a alguien aquí para ayudarnos, o ya que estuvo un año bailando arriba pues por lo menos traer ya los informes sociales, o seguir arriba llevándolo.

SR.LORES, PSOE.- Eso de “echan la Ley de Dependencia”, vamos a ver, a Lei de Dependencia, Sra.Silva, señores concelleiros, é unha Lei importante que está para prestar un servizo ós cidadáns, non se bota, nin se saca, nin se pón, nin se saca, é unha Lei en proceso de implantación, sabe todo o mundo que hai uns equipos de diagnóstico que non están no Concello, e iso de que os informes non se fan como “churros” eu o teño moi claro, ademais así debe ser, por iso pido os esforzos da Concellería nos traballos sociais e non nos “masters”. Paréceme que tódolos esforzos que se poidan facer en beneficiar e atender ás necesidades dos veciños é bo, e sempre o grupo socialista apoiou sen ningún tipo de reparo todas aquelas actuacións que se fan para atender os problemas directos dos cidadáns, poderemos discutir de políticas sociais pero como xa falamos moitas veces non vamos a discutir das aplicacións concretas, polo tanto nós sempre vamos apoiar tódolo que sexa preciso para atender as necesidades máis básicas, e as veces incluso as miserias, dos nosos veciños. O que pedimos por parte da Concellería é que se dediquen tódolos esforzos a ese tipo de actividades, que nos deixemos de actividades de “auto-bombo”. A mín me parece ben o das actividades florais, pero hai outro apartado que é Participación Cidadá, Concellería de Cultura, máis cousas onde se pode facer; agora, que todo o equipo humano, presupostario e administrativo, dunha Concellería como é a de Benestar Social, Igualdade e Servizos Sociais, a nós non parecen ben, cando no Concello de Baiona hai outras necesidades básicas nas que esta Concellería tería que estar totalmente concentrada porque é preciso, é necesario, e máis medios había que ter que non temos, máis medios, agora non desvíen os esforzos económicos, de persoal e administrativos noutro tipo de actividades, é o único que decimos; que este tipo de cursos os fai a Concellería de Cultura, pois que os faga, ou de Participación Cidadá, pois tamén, pero non ocupen o tempo, o espazo, e os medios dunha Concellería tan importante nun Concello como é a de Servizos Sociais á que normalmente como en tódolos Concellos non lle chegan os recursos, non metamos máis cousas ahí, cada cousa no que é; polo tanto nós estamos radicalmente en contra desta proposta.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Hai unha cousa aquí que non sei si a Secretaria ou a Interventora poden contestar si esto é por Lei, que “considerase unidade familiar a composta polos pais e fillos menores de 22 anos que convivan no mesmo domicilio familiar”, porque hai uns anos eu tiña a cartilla de familia



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

numerosa e eran os fillos que non tiveran retribucións económicas ata os 25 anos, non eran ata os 22, non sei porque aquí o pon; e si tes fillos que están estudiando, por exemplo, ¿qué pasa?.

SRA.SECRETARIA.- Se comprobará.

SRA.SILVA, PP.- Yo no sé si me lia el Sr.Lores, o se lía él, parece mentira que usted haya sido concejal d Servicios Sociales, vamos a ver, en S.Sociales se están realizando todas las actividades y todas las que estaba llevando hasta ahora van a seguir en servicios sociales, tenemos ayuda a domicilio, emergencia social, por desgracia cada vez con más problemas y más trabajo, y vamos a seguir en la misma línea; lo que no voy a hacer es sentarme y no dar más; si yo puedo cubrir algunas actividades que se venian haciendo hasta ahora, que nos demandan cada vez más como cursos de agilidad mental y demás, y puedo, gracias a ésto, hacer más, es decir, doblegarlos, lo haré; yo no le estoy sacando recursos a servicios sociales, estoy dando más recursos, estoy dando más oferta, y por otra parte está el aula de información a la Mujer, ¿qué pasa, que como funciona Servicios Sociales en la Concejalía de la Mujer nos sentamos también?, tenemos un aula donde estamos ofertando cursos para integración laboral de la mujer, ¿usted sabe lo importante que es esta integración laboral para una mujer maltratada?. Se están dando cursos básicos; y cada vez el mundo laboral es más competitivo y se necesita cada vez más, eso es lo que pretendemos dar a las usuarias y hay algunas usuarias que gracias a Dios no están pasando lo que están pasando otras mujeres del centro de Información, que necesitan también cursos de apoyo para poder integrarse a nivel laboral; eso es lo que nos piden y lo que le vamos a dar, y vamos a crear una bolsa de nuevos cursos para estas mujeres que económicamente no están bien; yo no sé esto que le resta a Servicios Sociales, yo creo que estamos sumando, es optimizar los recursos que tenemos y utilizar un aula y dinamizar ese aula, ni mas ni menos, y creo que aquí entramos todos, apoyar a las personas sin recursos y que están pasando dificultades, y también podemos entrar en la parte de las otras personas y asociaciones que nos demandan actividades, ¿y porqué no?, no estamos restando nada, estamos sumando.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 11 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 2,BNG), fronte a 6 votos en contra, PSOE.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

- **“Aprobar la Ordenanza reguladora del precio público exigido por la prestación de servicios y actividades dependientes de la Concejalía de Asuntos Sociales, Bienestar y de la Igualdad, con efectos a partir de la publicación integra de su articulado en el BOP, previos los trámites correspondientes”**

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA O FINANCIAMENTO DOS TRABALLOS DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL A CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES O BEIRO DA ORDE DO 20 DE ABRIL DE 2007.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte Proposta da Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Resultando que en data 18 de decembro de 2007 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes emitiu proposta de concesión dunha subvención por importe de 129.630,80 euros para o financiamento do Plan Xeral de Ordenación Urbanística segundo



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

solicitude do Concello formulada ó beiro da Orde do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanísticos.

Resultando que na proposta emitida requírese a subsanación de determinada documentación, entre outras, o certificado expedido pola secretaría xeral do Concello no que se recolla o acordo do pleno do Concello de solicitar as subvencións previstas nesta orde segundo o artigo 5f) así como a renuncia expresa ás cantidades pendentes de libramento das axudas vixentes dacordo coa disposición transitoria única da Orde do 20 de abril de 2007

È por isto polo que propoño ó Pleno da corporación o seguinte:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes unha subvención por importe de 167.472,95 euros para o financiamento dos traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona.

Segundo.- Renunciar as cantidades pendentes de libramento das axudas vixentes.

CONTINUA.- Como saben o Concello de Baiona está nun proceso avanzado de creación dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que nestes días atópase na fase previa de exposición pública, cunha total transparencia; en xullo do 2007 o Concello solicita á Consellería de Política Territorial a subvención máxima para redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do noso Concello, que ten un custo total de 186.081,06 euros, recibindo contestación afirmativa de dita Consellería na que di que o Concello de Baiona cumpre os requisitos para ser beneficiaria de dita subvención, ademáis de pedirnos acordo plenario para solicitar dita subvención; de ahí que se eleve a este Pleno para sua aprobación e posterior remisión á Consellería de Política Territorial.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Hoxe na prensa sae e titulan este punto como "Baiona pedirá a Política Territorial que pague los trabajos del PGOU", dende logo é curioso o titular e como resumen 4 liñas dun punto da Orde do Día; o grupo socialista apoia un acordo plenario que sexa un requisito formal e administrativo imprescindible para unha solicitude de subvención, máis si cabe cando falamos da necesidade dun Plan Xeral de Ordenación urbana e máis si falamos de casi 130.000 euros, o que pasa é que o grupo socialista quería plantexar unha pregunta, de que dende a sua humildade e dacordo coa normativa administrativa ¿non estamos ante unha situación de fora de prazo de presentación da documentación?.

SRA.SECRETARIA.- Esta solicitude fixose en xullo con cargo á orde do ano pasado, e saíu fai pouco a nova orde que na disposición transitoria dí que as solicitudes formuladas no ano anterior e non resoltas expresamente incorpóranse automaticamente ó beiro da nova orde. Sobre si está fora de prazo, solicitamos unha prórroga para presentar a documentación pola convocatoria do Pleno.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Dacordo, porque tiñamos entendido que o recibir antes do 26 do 12 a solicitude, o 8 de xaneiro estaría caducada, obviamente.

Retomando unha conversa da Comisión de Asuntos do Pleno, a Xunta de Galicia non solicita outra vez a memoria xustificativa, creo que a da por boa, creo que falamos nesa Comisión de que tiña que volveuse a presentar a memoria xustificativa, e eu creo que é moi clara a documentación que fai chegar o Concello á Xunta e que dí que "a memoria xustifica suficientemente a finalidade da subvención", o único que fan é pedir o acordo plenario e adapta o cronograma dun xeito máis quizá prudente, real, o conservador, e confirma a subvención de 129.630 euros. Moitas gracias.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Cando o portavoz do PP dixo que se había presentado o Plan, que estaba nunha fase bastante avanzada e con total transparencia, home, aparentemente sí; total transparencia aparente, e me explico: aquí parece que temos toda a información, canta necesitamos, pero e que eu levo pedindo fai máis dun mes, en papel, os planos deste Plan Xeral, e estoy esperando por eles, non sei si é pola cuestión de que o equipo redactor non lle alcanza o orzamento para envialos, ou é que temos que esperar ata a diferenza do orzamento que se pide agora e ó presuposto para pagar as fotocopias; en todo caso quero aproveitar para decirlle Sr.Alcalde, que a transparencia ten que ser absoluta, e escomezou ben, pero soamente escomezou, porque eu fixen unha pregunta ó equipo redactor cando estivo aquí e agora quixera pedirlle, e que lle trasladara ó equipo redactor, que nos remitan tódalas suxerencias que fixemos e que fixeron tódolos colectivos e persoas deste Concello a ese Plan Xeral, porque é que non sabemos si se aceptaron, cales se aceptaron, cales non, e as que sí porque foron aceptadas, e as que non porque non; creo que temos dereito a sabélo porque si vostedes nos dan a oportunidade de facer esas suxerencias dénnos tamén a oportunidade de saber que se fixo con elas, entón eu pediría que aparte de que nos dea a documentación que necesitamos para traballar, xa que ata o de agora nos deu un dvd, no cal se poden ver tódalas parcelas deste Concello, pero é que para ver cada unha necesitamos media hora nos nosos ordenadores porque non temos un ordenador tan potente como ten o equipo redactor, nin nós nin a maioría dos cidadáns, polo tanto creemos que para poder traballar sobre o Plan Xeral necesitamos papel, aínda que está moi ben o dvd, está perfecto, pero necesitamos papel, todo o papel que forma o presentado ata agora mesmo polo equipo redactor no Concello, absolutamente todo, porque leíndo e estudiando todo paso a paso poderemos facer unha valoración xusta do que nós pretendemos que sexa o Plan Xeral. Polo tanto pediríamolle que independentemente de que se pidan todas estas subvencións, que nos parece correcto, si houbo un erro por parte de alguén que se subsanen e se corrigan, que nos de a oportunidade de poder traballar no Plan pero cunha ferramenta que poidamos usar porque o dvd de pouco nos vale a menos que estemos durante tódolos días, hora tras hora, diante do ordenador, posto que non temos esa oportunidade porque evidentemente para poder alimentar ás nosas familias temos que ir a traballar. Pola nosa parte ten o apoio para esta subvención pero lle pedimos que atenda a esta petición.

(Neste intre sae do salón D. Manuel A. Gonzalez Marcote, do PSOE).

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor, creemos que se está seguindo un proceso serio cuns plantexamentos realistas e transparentes, e espero que non nos falle a Xunta coas axudas que lle debe dar a un Concello como Baiona, pola súa importancia, súa envergadura, e polo que representa un novo Plan Xeral.

SR.ALCALDE.- Contestarlle ó Sr.Estévez que os titulares do periódicos pode asegurarlle que non os fai o equipo de goberno, a información da periodista era que hoxe se votaba aquí este punto pero dende logo os titulares que saen no periódico non son obra do equipo de goberno; creo que non foi un titular correcto, a mín non me gustou, pero evidentemente non é algo que fagamos dende aquí.

O Sr.Fernández contestarlle, xa que estamos falando de subvencións, e fala de transparencia, que dende o primeiro momento non é verdade que queira facer unha valoración xusta do Plan Xeral porque o primeiro día dixo que era unha barbaridade, unha cidade fantasma, con moita vivenda; dende o primeiro día antes de ver o dvd, que vostede tivo ás dúas horas de telo o equipo de goberno, vostede, ás 2 horas estaba decindo que era unha barbaridade, e ademáis tamén vou a decir que sei que anda decindo por ahí que aquí hai que facer como en Nigrán, acabar cun Pleno rompendo o Pleno, e dende logo actitudes como a súa é o que leva ós Concellos a que non podan progresar na vida; vostede ten todala información que quer, ten no papel o Plan Xeral tamén, ten o Concello de Baiona rodeado de planos para traer aquí a quen vostede queira, contar cos técnicos, coa Concelleira de Urbanismo, con que vostede queira, para asesoramento, e pode facer tamén dese



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

dvd as fotocopias que quera para empapelar a sede do seu partido ou de todala calle de Elduayen, pode facélo.

Non veña aquí a decir que non hai transparencia, vostede diga que non quer gastar un duro, esa é outra cousa, pero non diga que non ten tódala información do Plan Xeral porque é mentira; e xa sei que a actitude sua vai ser intentar volar o Plan Xeral de Baiona, o sei, desgraciadamente é a actitude dende o principio, pero nós vamos a seguir facendo o que temos que facer, o traballo noso é tratar de que Baiona teña un Plan Xeral e non vamos a estar dispostos a chantaxes, insultos, e a todo o que ven detrás de que non hai transparencia, máis transparencia imposible; o período que dimos no avance é un período adicional, que o quiximos facer porque sí; o equipo redactor recolleu as suxerencias, entendeu o que creía convinte para que fora no documento para aprobación inicial, iso é o que está reflexado, ¿qué hai erros?, claro que hai erros, e hai que correxílos, pero temos período; é a primeira vez que se fai unha exposición antes desta aprobación inicial con total e absoluta transparencia, e nos poderá gustar máis ou menos o documento pero está ahí, o pode ver todo o mundo, e que queda unha parte importante para unha aprobación inicial, para un período de alegacións, para unha aprobación provisional, e para unha aprobación definitiva; hai tempo e tempo, pero non se xustifique vostede en que non se da información, se dá a información para que vostede manexe o que queira e para que faga as apreciacións que queira, dende logo o que non vamos a aceptar é que se nos tache de falta de transparencia, de que queremos impór un Plan Xeral e que non lle damos información, porque iso é mentira, mentira total.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Sobre o titular do periódico non era un reproche, era unha apreciación da imaxinación con que catro liñas técnicas dun punto da Orde do Día se poden resumir curiosamente dese xeito, nada máis. Polo que respecta á intervención do compañeiro Xose Enrique, nós non queremos acusar ó goberno de falta de transparencia, nin moito menos, e que se poña vostede como se puxo, pero sí que hai un acordo na Comisión de Urbanismo que fixemos 3 días despois de recibir o Plan onde o equipo redactor ía facilitar ós grupos da oposición os planos, alomenos en papel, ou as Ordenanzas, en papel, as máis significativas, as máis importantes, para que realmente a dificultade informática que temos para unha capacidade dos ficheiros dese Plan é tremenda e obviamente o seu estudio en papel é moito máis doado e fácil para todos. Unicamente o que queremos decir nesta intervención é que se cumpla este compromiso daquela Comisión, que máis que un compromiso foi un acordo entre todos para que teñamos eses planos máis significativos. O noso voto neste punto vai ser positivo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede Sr.Alcalde, no tema dos informadores, está mentindo como un cosaco, está mentindo a sabiendas ademais; eu fixen declaracións ó principio, ós dous días de presentarnos a valoración da aprobación inicial porque tamén a fixeron a tódolos portavoces, a vostede non sei pero ó resto da oposición si que lla fixeron, e fixemos unha valoración cos datos que tiñamos e evidentemente para nós é un despropósito meter un campo de golf en Baiona, e o vamos a decir sempre; e tamén é un despropósito facer certas actuacións urbanísticas neste Concello, e ninguén nos vai a calar a boca, e iso é certo que o dixer, pero o que non pode decir vostede é que eu ando decindo pola rúa que temos que reventar o Plan Xeral porque iso é mentira, porque dende o primer día xa lle dixemos que nós trataríamos de colaborar ao máximo no desenrolo deste Plan e na súa aprobación, pese a quen lle pese, con propostas alternativas por suposto, pero no que iamos a reventar un Pleno, creo que debe ser o último recurso ó que se debe chegar. En todo caso lle volto a decir que para facer o noso traballo necesitamos papel, non un dvd que cada vez que necesitamos facer a apertura dese dvd necesitamos media hora; nós non podemos adicar tantos días a un traballo tan especial como éste, e ó que hai que adicarlle moitas horas, pero non perder o tempo diante dun ordenador senón estudiálo de punta a punta. Si vostede é incapaz de que o equipo redactor nos envíe a documentación que necesitamos esa é outra cuestión, e si vostede non quer gastar o diñeiro do Concello en facer unhas fotocopias e darllas a estes concelleiros pois evidentemente teremos que buscarnos a vida e facelas pola nosa conta, pero non temos porque facélo, estamos facendo un traballo para o Concello, non para nós, lle volto a pedir que nos dea o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que se acordou na Comisión, que nos dea o papel necesario; a mín me deron un plano do Concello de Baiona que nin con lupa son capaz de ver por onde van os viais, nin con lupa, e vostede o sabe ben. Creemos necesario que nos dean unha copia das suxerencias que se presentaron a este Plan, necesitamos cales son, e lle pediría que llo trasladara ó equipo redactor para que no las pasase, en papel. Si o quer facer en dvd, me parece ben, pero en papel tamén, por favor.

SR.VILAR, CMÑ.- O debate deste punto entendo que era solicitar unha axuda á Xunta para o Plan Xeral, e creo que estamos todos dacordo; pero me parece que o Sr.Fernández ou dice as cousas sen reflexionar ou nos está metendo a todos, ou pretende meternos, nun conflito que non creo que se dé en Baiona; creo que temos que situarnos en que momento estamos do Plan Xeral, estamos no momento de que o balón está no tellado da Xunta de Galicia, e é a Consellería, a COPTOPT, á que ten que emitir o informe; creo que o Sr.Fernández, equivocadamente, penso que está equivocado e senón non llo diría, pretende anticipar o debate da aprobación inicial; cando a Xunta nos emita o informe que ten que emitirnos, esperemos que sexa favorable porque nos interesa a todos que sexa así, ou si hai que facer correccións que sexan as mínimas e que sexan asumibles, entón entraremos no debate no que hai que entrar, que é o debate previo á aprobación inicial onde os grupos políticos temos que deixar clara a nosa postura, logo ó final eu espero que, como sempre foi en materia de urbanismo, se chegue a acordos entre tódolos grupos, e senón hai acordos será a maioría a que impoña o seu criterio en colaboración co equipo redactor.

Cando se dicen frases que penso que se dicen sen reflexionar, como o último recurso é reventar un Pleno, creo que nunca se vai a dar ese recurso en Baiona; ún poderá, ao mellor, non ter a forza política suficiente para facer prevalecer os seus criterios, nos pasa a todos, cada ún ten a forza que ten, CMÑ ten a que ten e é a que nos deron as urnas, polo tanto eu entendo que hai que medir moito as frases e sobre todo cando se trata de urbanismo. Dende o noso punto de vista estamos nun proceso de total transparencia porque o que se enviou á Xunta, que foi a proposta do equipo redactor, está exposta ó público, non nos temos que por nerviosos, eu lles podó asegurar que non adiquei moito tempo a mirar o Plan Xeral, porque son consciente de que agora non teño eu capacidade para decidir, para plantexar miñas suxerencias; eu acato de xeito democrático, como debe ser, a proposta do equipo redactor; unha vez que a Xunta faga a súa proposta entraremos no debate. Polo tanto Sr.Fernández, con tódolos meus respetos, penso ademáis que vostede é unha persoa constructiva en materia de Urbanismo, creo que temos que calar máis, esperar á resolución da Xunta e logo facer as propostas constructivas que nos corresponde a cada grupo político; agora se trata, entre todos, de conseguir que Baiona teña un Plan Xeral nesta lexislatura, sería un éxito para todos, tanto para o goberno como para a oposición, esperar que a Xunta emita o seu informe para seguir avanzando, e non intentar levantar falsas expectativas porque hai xente que ven a mirar algo e se cree que vai quedar así e iso depende da Xunta de Galicia, non está nas nosas mans, e logo, con arreglo a eso, empezar a facer unha labor constructiva no momento que nos corresponda.

Penso que en materia de urbanismo quemar etapas é perigoso, é crear falsos debates, e sobre todo agora estamos no proceso que estamos: o plan xeral está no tellado da Xunta de Galicia, hai exposición pública, total transparencia, creo que que cada grupo teña unha copia do Plan iso é intrascendente totalmente, a pesar de que sí supoño que no seu momento nos mandarán unha copia cando veña co informe da Xunta e sexa un documento moito máis real. Penso que este é o camiño a andar, nós vamos a estar a favor da petición desta subvención, escapemos dos debates que poidan crear confusión na opinión pública, e lle pedimos ó BNG, en especial, porque é o que xurdíu o debate, que sexan responsables, que apliquen a súa experiencia política, que é moita, en beneficio dos intereses dos cidadás de Baiona, e sobre todo en temas tan delicados como é o planeamento urbanístico, que é algo moi serio. Espero encontrar no BNG a mesma lealtade que atopei en Esquerda Galega cando foi a aprobación do Plan anterior, e polo tanto creo que empezar a reclamar documentos agora ou dicir que non hai transparencia é un tema perigoso que a quen mais dano lle pode facer é a propia Corporación Municipal. As cousas se están facendo ben, con transparencia total e hai que pedir o que hai que pedir, nada máis.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes unha subvención por importe de 167.472,95 euros para o financiamento dos traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona.

Segundo.- Renunciar as cantidades pendentes de libramento das axudas vixentes.

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION SOBOR A PRESTACION EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Fernández, BNG, quen da lectura á seguinte Moción:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do servizo de Correos: extremalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformálos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do estado.

Os/as funcionarios/as de correos xa non so corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os funcionarios/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao su persoal, dano aínda máis notabel en Galiza, e que o noso Concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizárese a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será -dise- “todos os días laborabeis e, alomenos cinco días á semana”.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É decir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas ailladas ou situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunca situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o transtorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte:

ACORDO

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.

CONTINUA.- Esta é a moción que presentamos ademais de engadir que, especialmente neste Concello vimos sufrindo un mediocre servizo de Correos dende fai moito tempo, sobre todo no rural, creemos que é unha moción que está moi xustificada e pedimos o apoio de tódolos grupos políticos para poder tramitála. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- O PP tamén é moi sensible co medio rural, polo tanto obviamente está en contra do Decreto de Correos de abril do 2007; co que non estamos a favor é, como se comentou a semana pasada na Comisión Informativa, cos párrafos do 2º ao 5º, porque creemos que ten un matiz moi



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

partidista e que non ten que ver co Decreto de abril. Por isto nos presentamos unha enmenda a esta moción.

SR.LORES, PSOE.- En principio estamos a favor da moción que presenta o BNG, entendemos que realmente as parroquias van a quedar moi desasistidas con este novo procedemento de reparto de correo cos buzóns comunitarios, polo tanto vamos a votar a favor da Moción do BNG.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu ante todo lamento que o Sr.Fernández, ou algún representante do BNG, non acuda ás Comisións Informativas con capacidade de negociación, porque si así fora posiblemente hoxe isto podería vir hoxe aquí como unha Moción de consenso, na que todos estiveramos dacordo, o que obrigou ó equipo de goberno a presentar unha moción alternativa, este é o motivo, que quede claro porque hai unha moción alternativa. Hai unha moción alternativa pola falta de capacidade negociadora da portavoz e do representante do BNG na Comisión Informativa.

Con todo esto quero dicir que nós, como ben decía o portavoz do PP en representación do goberno municipal, que nós pedimos a supresión deses puntos que figuran (parágrafos do 2º ao 5º) porque practicamente o resto da moción é calcada; é que cando se dí "Dende hai máis de dez anos....", home, é recoñecer que ao mellor na época de Franco funcionaba mellor Correos, claro, era o único servizo que había daquela, entón si é un problema dende fai máis de 10 anos é que o BNG segue nas cavernas e non se da conta da evolución que sufríu todo este tema de Correos; xurden empresas privadas, xurde un reparto de correo moito máis axil, xurden novas tecnoloxías á hora de repartir, o que quer dicir que un servizo tan sensible como é Correos ten que adaptarse ós tempos actuais; polo tanto creemos que si ben a Moción é correcta, a supresión deses parágrafos é necesaria; nós non vimos aquí botandolle as culpas a tódolo anterior, agora, si hai un responsable, é o actual Goberno do Estado, é así, é quen ten que tomar as medidas. Polo tanto dende este punto de vista creemos que está máis que xustificada esta enmenda que presenta o grupo de goberno e creo que o BNG debe ter agora suficientemente bagaxe político, suficientes tablas, para dicir "moi ben, aceptamos a enmenda, votamos, é unha moción conxunta de tódala Corporación de Baiona"; iso é o que nós parece correcto posto que estamos a favor desa Moción. Creo que está o balón no tellado do BNG para aceptar esta enmenda, así votariamos e aprobaríamos a Moción por unanimidade, xa que repito, na Comisión Informativa non demostrou capacidade algunha nin sensibilidade á proposta que lle fixemos dende tódolos grupos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Os membros do BNG que asisten á Comisión Informativa teñen plena decisión, plenos poderes para tomar unha decisión nese momento; nós funcionamos así, Sr.Vilar, vostede no seu partido non funcionará así, nós sí, é dicir, o que diga a persoa que vai á Comisión Informativa vai a misa, para todos nós, polo tanto é indiferente vaia quen vaia; e a capacidade negociadora as veces é unha cuestión das persoas pero normalmente cando a dirección do partido establece esas garantías pois non deba influir moito. En todo caso quixera dicir que despois de moitísimos meses temos que agradecerlle Sr.Alcalde que nos presente na Orde do Día unha moción do BNG, porque levamos presentado unhas poucas e nunca nos a metían na Orde do Día, tiñamos que facélo por Urgencia. Vamos gañando democracia, agora sí lle pediría que o próximo día, conforme dí vostede na Orde do Día no punto nº 8 "APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO DE GOBERNO", en cambio a nosa dí "APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION SOBOR A PRESTACION EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS", faltáballe dicir "...DO BNG", faltáballe iso.

Nós non vamos a aceptar a enmenda Sr.Vilar, e non o vamos a facer porque nós cando facemos a exposición non queremos entrar neste tipo de debates, aquí os que parece que se avengonzan son vostedes do pasado que tiveron, nin máis nin menos, si se avergonzan por algo será; en todo caso aquí o único que replicou foi vostede, e non sei, me levo dando conta durante todo este Pleno que parece que está vostede facendo votos para volver a ingresar no Partido Popular, agora que xa perdeu toda posibilidade de que algún membro do PP, desaparecido desgraciadamente, poidera erixirse noutro novo partido recolectando a tódolos independentes que hai por todala nación galega;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

moito me temo que está vostede preparando o camiño como o preparou Nava Castro, non me extranaría en absoluto, sempre estivo dentro desas siglas, polo tanto si vostede quer facer eses votos, fágaos, pero non entre aquí nun debate que nada máis lexos da realidade é o que queremos facer nós. Nos presentamos unha Moción que creemos é a que debemos de presentar, ¿porqué?, porque dende os partidos do Estado ven a España como toda unha, e en España hai nacionalidades distintas e circunstancias moi distintas, e o que vale cun Decreto en Madrid para Andalucía e para Castilla La Mancha, non vale para Galiza, porque con ese Decreto en Galiza deixan a moitos veciños sen servizo de correos, en Castilla non, porque en Castilla o núcleo está moi concentrado, moi ben delimitado, en Galiza non, e ésta é unha realidade que está ahí; por iso hai cuestións que valen no resto de España e aquí non sirven, ¿porque?, polas condicións xeográficas e culturais, e políticas tamén. E así de simple e non querer vélo é de cegos. Nos non queremos entrar neste debate de si fai 10 anos, ou fai 15, non sei, fai máis de 10 anos evidentemente, e antes funcionaban mellor as cousas neste aspecto que agora mesmo, esa é a realidade, fumos para mal, fumos para peor, e queremos resolvélo, nin máis nin menos; pedimos que nos apoiem nesta Moción pero sen meterse nesta dinámica que vostedes nos pretenden meter, non queremos entrar neste debate, queremos resolver os problemas e presentamos unha moción, si queren apoiá-la, apoién-la, e senón fagan vostedes outra.

SR.RODAL, PP.- Aparte da enmenda creo que todos estamos dacordo en que o Decreto de Correos de abril do 2007 non beneficia a nadie, e menos, como comentou o Sr.Fernández, a Galicia, aínda que realmente Baiona que é onde estamos gobernando ten unha oreografía que obviamente tampouco sería a máis afectada, como si o poden ser zonas de Lugo ou do interior, ou País Vasco, nas masías, entón non creemos que sexa unha medida acertada por parte de Correos e por iso estamos obviamente en contra do Decreto de abril do 2007.

SR.LORES, PSOE.- En principio estamos a favor da moción tal e como a presentou o BNG. Entendemos que estes parágrafos dos que falamos fan historia, un pequeno matiz ideolóxico, pero o final o que están facendo é máis ben un recordatorio de 10 anos para acá, onde se empezou un proceso de privatización de Correos, onde houbo moitas mobilizacións por parte dos traballadores, e empezaron a xurdir unha serie de empresas, etc., polo tanto eso é un recordatorio dunha historia que non afecta ó sustancial da enmenda, polo tanto vamos apoiar a moción do BNG e estamos en contra da enmenda que presenta o PP de suprimir eses parágrafos porque repito que entendemos que non afectan ó sustancial. Votamos a favor da Moción do BNG, e en contra da enmenda do grupo de goberno.

SR.VILAR, CMÑ.- Son moi importantes eses parágrafos, o responsable da actual situación é o Goberno do Estado, ese é o actual responsable, pero claro, con estes parágrafos o culpable sería o goberno do Sr.Aznar, que é moi distinto; esa é a clave, o responsable agora é o Goberno do Estado, por tanto creo que a enmenda ten tódolo sentido que debe ter, nada máis.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, efectivamente, agora mesmo quen asinou o Decreto foi o Goberno Central, pero é que iso non quer dicir que o mal non veña de atrás; en todo caso eu non entendo a postura do PP cando aquí vota unha cousa e en Vigo vota outra, é dicir, en Vigo se votou esta moción tal cal está cunha enmenda do PP, pero que non era ésta, a teño aquí, dí a enmenda:

“Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal”, e aquí entra a enmenda: “modificándose para iso o artigo único núm.37 aptdos. a) e b), para que este servizo se preste”, ésta é a enmenda, lóxica, que foi aceptada polo BNG, non houbo máis problema. Agora si vostedes se empeñan en buscar demos onde non os hai, pois alá vostedes; eu penso que é unha condición do Sr.Vilar polo que dixen antes, por conseguir votos para entrar nas liñas do PP.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Non se trata de Nava Castro, nin do Sr.Vilar, nin do Sr.Cuiña, que en paz descansa; se trata de que vostede é unha persoa intransixente e que nunca vai aceptar absolutamente nada, o que se levou á Comisión Informativa foi unha discusión aberta que o representante do BNG non quixo para nada nin escoitarnos. O que dí vostede de Vigo é un caso evidentemente diferente, o BNG en Vigo escoita, e incluso é capaz de correxir algo que entende que está mal; aquí, en Baiona, desgraciadamente, o BNG non o fai, e o veremos no seguinte punto porque cando na Comisión Informativa dixemos que tiñamos un tema sobre a tarifa nocturna, o BNG estivo caladiño, caladiño, e resulta que ós dous días aparece por Rexistro de Entrada unha Moción do BNG sobre a tarifa nocturna, é dicir, o BNG, en Baiona polo menos, é intransixente e non quer absolutamente colaborar en nada; ó principio se decía que nos actos institucionais, nin nos actos, nin en nada; e con dous representantes é capaz de estar discutindo unha exposición de motivos cando se fixo sempre así en tódolos lados, cando estando en absoluta minoría un grupo e alguén nunha exposición de motivos pide a suspensión dun parágrafo sempre se acepta, porque se entende que non é algo transcendente dentro da Moción, e neste caso, o BNG, dende a Comisión Informativa ata agora, total intransixencia, ¿qué quer dicir? que o que lle interesa ó BNG é tratar de obstruír, de saír na prensa dicindo que vai levar unha moción (él, él, sempre él) sobre Correos, cando no fondo todos estamos dacordo, e o fondo vai a quedar aprobado.

Desgraciadamente vamos a quedar divididos neste caso, pero no que estamos dacordo no grupo de goberno é que este cambio regulamentario que fai Correos é negativo e por iso o vamos a rexeitar, pero desgraciadamente tamén me parece que a actitude que leva tomando o BNG dende fai unha temporada non ten sentido ningún; o único que, como decía o Sr.Fernández, o tema vaia polo de "somos a única forza, os partidos nacionais non entenden como é Galicia"; e mire, nós pertencemos a partidos nacionais, hai 2 grandes partidos aquí representados, e coñecemos perfectamente Galicia e Baiona, non nos teño que dar leccións para nada vostede do que é Baiona ou do que é Galicia. Desgraciadamente temos que proceder á dobre votación e veremos cal é o resultado final.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación, en primer lugar, a ENMENDA presentada polo grupo de goberno á Moción do BNG (eliminación dos parágrafos 2º, 3º, 4º e 5º), co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 7 votos en contra (5, PSOE, 2,BNG).

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

APROBA-LA ENMENDA presentada á Moción do BNG.

O Sr.Alcalde somete a votación a Moción presentada polo BNG, coa enmenda aprobada, producíndose o seguinte resultado: 14 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 5,PSOE), producíndose 2 abstencións, BNG.

A moción queda redactada da seguinte forma

“En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizábase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será -dise- “todos os días laborabeis e, alomenos cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É decir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas ailladas ou situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunca situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o transtorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte:

ACORDO

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.”

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.

CUESTION DE ORDE.- SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha cuestión de orde, Sr.Alcalde, a enmenda que acaban de aprobar é ilegal, nós non a aceptamos e lle digo porqué, dí a enmenda: “Esta situación estámola xa a sufrir no noso Concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte acordo”, e nós non instamos a este acordo sen o texto íntegro, polo tanto ten que quedar anulado.

SRA.SECRETARIA.- La enmienda consiste en la eliminación de los párrafos señalados, al eliminarse éstos y aprobarse la enmienda permanece la Moción originaria pero sin dichos párrafos.

8.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACION A SUPRESION DA TARIFA NOCTURNA.

Polo Sr. Alcalde se procede á votación da inclusión da devandita Moción na Orde do Día, que fora presentada na Comisión Informativa pero non ía dentro da Orde do Día do Pleno de hoxe, resultando aprobada por unanimidade, procedíndose ó tratamento do punto.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Silva, PP, quen da lectura á seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN A SUPRESIÓN DA TARIFA NOCTURNA.

Exposición de Motivos:

Dende o pasado 1 de xaneiro do 2007 (Real Decreto 1634/2006 de 29 de decembro) tense establecido un novo cadro de tarifas para o consumo eléctrico no fogar (menores de 15 Kw).

Establecéronse tarifas progresivas en función da potencia contratada, que a partires de agora non será “ilimitada” no horario val, polo que deberá contratarse a mesma potencia tanto para o horario punta (diúrno) como para o val (nocturno), algo que co anterior modelo de tarifa nocturna non sucedía xa que se contrataba a potencia en función do consumo necesario para as horas punta. Polo tanto, no sistema tarifario anterior non era necesario incluír no cálculo de potencia a contratar o consumo de, por exemplo, os acumuladores de calor, así como daqueles outros aparellos que puidéranse utilizar soamente pola noite, ademais o prezo do Kw consumido era o mesmo independentemente da potencia contratada.

Agora o prezo do Kw vai aumentando segundo vai aumentando o consumo, de maneira que fronte aos dous tipos de tarifa vixentes ata o 2007, o novo decreto crea cinco tramos en función da potencia necesaria a contratar e en cada un deles o prezo do Kw varía:

- 1.0: Menor de 1kW
- 2.0.1: Entre 1 kW e 2,5 kW
- 2.0.2: Entre 2,5 kW e 5 kW
- 2.0.3: Entre 5 kW e 10 kW
- 3.0.1: Entre 10 kW e 15 kW



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Cambia tamén o horario en que se aplica a nova tarifa, si antes era de 8 horas (de 23:00 a 07:00 en inverno e de 00:00 a 08:00 horas en verán) a partires de agora, o horario val aumentará ata 14 horas diarias para quedar do seguinte xeito:

- de 21:00 a 11:00 horas (inverno)
- de 22:00 a 12:00 horas (verán)

De todos xeitos, aqueles fogares que tiveran a tarifa nocturna 2.0 (antiga), poden seguir acollidos a esta tarifa segundo establece a disposición transitoria cuarta do citado Real Decreto nas mesmas condicións, pero agora a potencia a contratar, ao igual que na nova modalidade, será a máxima prevista a demandar considerando tanto para horas punta como as horas val.

Este extremo foi modificado con posterioridade polo Real Decreto 871/2007 de 29 de xuño polo que se adaptan as tarifas eléctricas a partires do 1 de xullo do 2007 no que na súa disposición transitoria primeira (Adaptación da tarifa 2.0 con discriminación horaria nocturna) establece que a partires do 1 de xullo de 2008 desaparece a citada tarifa e que aqueles subministro que a entrada en vigor do citado Real Decreto estiveran acollidos a esta tarifa poderán seguir acollidos á mesma ata a citada data.

Nestes casos (conservación do contrato antigo) o prezo do Kw será de:

- Hora punta: 0,099012 Euros/Kw/Hora
- Hora val: 0,044899 Euros/Kw/Hora

Estes prezos son considerablemente inferiores aos da nova tarifa nocturna, se ben, o número de hora sen horario reducido tamén é menor. O prezo do horario punta é o dobre que o val e lixeiramente superior ao dun contrato normal, mentres que na nova tarificación o prezo da hora valle é moi similar (0,04 euros/Kw/hora) mentres que o prezo en horas punta dispárase ata case triplicar o valle (0,12 euros/Kw/hora).

Por todo o exposto, este Grupo Municipal proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes,

ACORDO:

1º.- Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratada a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos oportunos para minimizar o impacto económico que suporá para as economías domésticas do concello de Baiona a devandita adaptación tarifaria.

SRA.SILVA, PP.- Para que quede más claro de que se trata el nuevo de Industria y lo que va a repercutir a los usuarios decir en primer lugar que obligan al usuario a modificar las condiciones firmadas en el contrato de suministro de energía con la Compañía suministradora en lo relativo a la potencia contratada y al tipo de tarifa, violando así el artículo 9.3 de la Constitución Española que "garantiza la irretroactividad de las disposiciones sancionadoras no favorables ó restrictivas de derechos", por el hecho de obligarles a cambiar de tarifa con un recargo en el consumo de la hora punta de un 35%, cuando el usuario firmó con la compañía un contrato de suministro con una tarifa



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

regulada por la Orden del 12 de enero de 1995 en la que el recargo solo era del 3%. En segundo lugar obligan a subir la potencia del kw, una subida fija en todos los recibos, que puede llegar en algunos casos a los 200 euros anuales; se cuenta con más horas valle, 14 frente a las 8 de la tarifa nocturna, pero el descuento es menor: 47% frente al 55% de la nocturna; por otra parte hay más sobreprecio en el horario punta, un 35% frente al 3% de la tarifa nocturna. La OCU estima que no analizar bien el nuevo contrato a los hábitos de consumo podría disparar el coste anual del recibo de la luz hasta un 49%. El cambio a la nueva tarifa de discriminación horaria lo sufre el consumidor, la práctica totalidad de las familias se verán obligadas a cambiar sus equipos y el coste puede rondar los 200 euros más el primer año; por otra parte será necesario sustituir sus resistencias por otras de potencia menor, dependiendo del tamaño de la vivienda este cambio puede costar entre 300 y 500 euros; los usuarios de la nueva tarifa nocturna estarán discriminados ante el resto, si no ¿cómo calificar, por ejemplo, que ver la televisión a las 4 de la tarde de un sábado le cueste un 35% más a quien siguiendo los consejos del Ministerio de Industria contrató la tarifa nocturna para reducir calefacción y agua caliente sanitaria que a su vecino del mismo edificio y piso que utiliza gas para dichos servicios?. Los consumidores protestan con razón porque fué el propio Gobierno, a finales de los 80, el que promovió la tarifa nocturna; la idea era incrementar el consumo de energía entre las 23 horas de la noche y las 7 de la mañana, y así evitar la sobrecarga que se producía durante el día.

La instalación de los acumuladores tuvo un coste para los usuarios, pero nadie les indicó que su período de vida podría ser limitado. Para finalizar mi intervención decir que tenemos que contar con aquellos usuarios que a pesar de los cambios en sus acumuladores y todas las medidas que se puedan realizar para el cambio no les compense este nuevo tipo de tarifa. Y habría que contar indemnizaciones para las personas que tendremos que tirar con los acumuladores y con otros tipos de calefacción. Muchas gracias.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- En canto á argumentación da Moción presentada me parece un pouco técnica e liosa de máis, pero é bastante boa; o acordo que se pide é correcto pero me parece decepcionante, e sobre todo despois de oír a aclaración da moción, me parece completamente decepcionante porque con este acordo que se pide non se da resposta en absoluto ás peticións dos usuarios; considero que as peticións dos usuarios son que se respete o contrato que tiñan coa suministradora eléctrica antes da entrada en vigor do Decreto, e non que se lle pida axuda, asesoramento, para facer os cambios oportunos que teña que facer na súa instalación, porque o asesoramento evidentemente o dan os profesionais e non é necesario que se de dende a Administración, en todo caso axuda, pero non asesoramento. E creo que é necesario ter un censo de usuarios ou clientes da tarifa nocturna, iso sí que se debería facer dende o Concello, tamén crear un servizo de información que facilite a formalización das peticións dos usuarios, que non ten nada que ver co que se pide no acordo, e o terceiro: dar publicidade a esta actuación por parte do Concello porque da maior parte destas actuacións non se entera ninguén, alguén me dixo “que había algo no Concello para asesorarse co tema da tarifa nocturna e tal” pero realmente si é así non se lle deu publicidade, co cal creo que debería habilitarse ese tipo de servizo e ademais darlle funcionalidade. Con iso creo que si se lle daría axuda ós veciños e usuarios que se sinten indefensos porque da noite para a mañán se atopan con que unilateralmente deixa sen vigor o seu contrato.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, antes de nada quixera aclararlle que nós presentamos unha Moción similar a ésta o día 30 de xaneiro de 2008 porque foi o día 29, creo recordar, cando recibimos esta Moción da Dirección Xeral do noso partido, non foi por outro motivo. O que sí lle reprocho, dende logo, é que non tivera a elegancia de incluíla como incluíu a do PP, pudo habélo feito e quedaría vostede como un señor, e non o fixo. En todo caso non nos vamos a meter en loitas partidistas como fixeron vostedes na anterior moción e vamos a apoiar a Moción, tamén vamos a presentar por urxencia a nosa e eu espero que teñan a caballeridade de apoiála tamén, porque creemos que non sobra nun sitio pois é beneficiosa e abundante para todos.

Como decía a compañeira do PSOE non estamos moi dacordo co que solicitan vostedes, e coa exposición tampouco, pero sobre todo porque hai cousas que non son certas, pero é unha



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

exposición, non nos vamos a meter nun debate aquí por esta cuestión pero para darlles unha indicación dí que “Agora o precio do kw vai aumentando segundo vaia aumentando o consumo, de maneira que fronte ós dous tipos de tarifa vixente ata o 2007, o novo Decreto crea 5 tramos en función da potencia necesaria a contratar en cada ún déles o prezo do kw varía”, non varía, o prezo do kw vai ser exactamente o mesmo. O prezo do kw en tarifa nocturna é exactamente o mesmo; e ese sistema o fixen hoxe pola mañán, que levo tódala semana pedindo información sobre esta cuestión e o prezo do kw non varía en tarifa nocturna; o que varía é o termo de potencia; e o termo de potencia varía agora como variou ata o día de hoxe, é decir, si o termo de potencia son 1100 vatios cobra a empresa suministradora 1,696528 euros/mes por kw, pero si en vez de 1100 son 2200 isto hai que multiplicálo por 2, e si son 3300 hai que multiplicálo por 3, e así sucesivamente, é decir, que varía como variaba, o termo da potencia, non o kilovatio.

Estas cuestións que veñen sempre no recibo, e que a inmensa maioría dos veciños non entenden, lóxico porque son unhas facturas moi complexas para os alleos a este traballo, pois efectivamente sucede isto: o termo de potencia varía dependendo da potencia contratada, o kilovatio non. Antiguamente había 3 bloques e como se cobraba 0,0 non sei cantas pesetas o último bloque, resultaba a paradoxa de que canto máis se consumía menos se pagaba; pero isto fai máis de 35 anos que non sucede; en todo caso cando estiven preparando esta moción tratei de enterarme quen marcaba esta directriz, si era Europa, si era o Estado, parece ser que era Europa e posiblemente polo tema do cambio climático, pero dende logo quen ideou esta cuestión o único que vai a conseguir é que as empresas eléctricas se peguen un pelotazo impresionante e que os instaladores se estén frontando as mans agora mesmo, evidentemente, non van a dar feito, ¿porqué?, porque a cuestión vai ser inmediata, en xullo vaise a empezar a eliminar as tarifas nocturnas dun plumazo e hai que adecuar esas instalacións, e resulta que o que antes se conformaba con ter un termo de potencia de 3300 agora vai a ter que ter 6600 ou 9.900, pero é que ese termo de potencia que se paga sen ún só kw de consumo, sen consumir o kw hai que pagálo exactamente igual, resulta que hai que pagálo en xaneiro, en febreiro, en marzo, cando fai frío, pero é que en xuño, xullo e agosto, que hai calor, tamén hai que pagálo sen consumir corrente; evidentemente isto para as empresas é un pelotazo auténtico, van a subir os dividendos, así o mirarán os que tiñan cartos na Bolsa, van a subir, evidentemente; un auténtico pelotazo; polo tanto quen diseñou esta estratexia é errónea, totalmente errónea.

A nosa Moción vai nese sentido, ¿quen corre cos custos de adaptación destas horas que se van a por a máis na tarifa discriminatoria?, evidentemente debéra ser o Estado que é quen saca este Decreto, ou o Estado, ou a Xunta de Galiza, ou a quen corresponda; as empresas, si lle van a dar un caramelo ¿porqué van a decir que non?, ¿porque van a meterse elas neste fregado?, nin para adelante nin para atrás; agora ben, o Estado, que foi quen meteu neste lío ós veciños, sí, porque os veciños de Baiona, de Galiza, e de toda España, que fixeron un contrato, agora literalmente se lle rompe, e se lle rompe ao mellor cun obxectivo, que está detrás o cambio climático, pero en realidade o que vai a suceder é que se van a beneficiar as eléctricas dunha maneira exaxerada; polo tanto, o Ministerio, que foi quen creou o problema, terá que resolvélo, e o pode facer de distintas formas, con subvencións ou doutras maneiras. Polo tanto despois leeré a Moción de Urgencia e si están dacordo, si a aceptan, pois mellor para todos; en todo caso nós vamos a apoiar ésta aínda que estamos en desacordo con algunhas partes da exposición porque creemos que están equivocadas, non creemos que o haxan feito a propósito pero penso que están equivocadas, por exemplo no primer acordo: “Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratado a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria”, nos parece ben pero creemos que cada ún ten o seu instalador porque sempre hai algunha avería en casa, e esa persoa vai a ser quen mellor o asesore, nadie mellor que o instalador, polo tanto se podería prescindir desta puntualización, pero aínda así nos parece ben; e o 2º punto: “Solicitar da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos oportunos para minimizar o impacto económico que suporá para as economías domésticas do Concello de Baiona a devandita adaptación tarifaria”, nos temos este punto tamén escrito doutro xeito, polo tanto nos parece correcto xa que en realidade o que están



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

pedindo son subvencións e ademáis creemos que debe ser ben o Ministerio, ben a Consellería de Industria, quen as subvencione que ó final de contas son os que firman o Decreto para eliminar esta opción que os veciños optaron no seu día e que ademáis eu creo que as empresas eléctricas tamén deberan tirar por ahí porque en realidade o que están facendo é crear unha mala imáxe das súas empresas cando agora se ofrece unha cousa e logo se saca e se ofrece outra, crean unha inseguridade no sector que non se debera consentir.

Nós vamos a apoiar a Moción, Sr.Alcalde, e despois leeremos a nosa e esperemos que tamén conte co apoio de vostedes.

SR.VILAR, CMÑ.- Nos parece correcta a Moción; agora ben, despois da intervención dun especialista como é o Sr.Fernández, que lle agradezco que aporte súas ideas porque fixo unha intervención moi acertada, eu non teño máis que rendirme ante a evidencia de que é un experto e que o ideal sería refundir as Mocións en unha, ou aprobar as 2. O importante é conseguir que isto non se leve a cabo porque sería un palo importante, estamos en situación de auténtico desgobierno, ou sexa, que os 400 euros que prometeu o Sr.Zapatero non van a resolver nada.

SR.ALCALDE.- Evidentemente nós non seguimos o plantexamento do BNG neste Concello e creemos que non se deben aprobar dúas mocións sobre tarifa nocturna, sería ridículo que mañana alguén dixera que o Pleno de Baiona aprobou 2 mocións. A mín paréceme que o tema é serio posto que afecta a todo o mundo e que debemos chegar ao acordo de si queredes facer algunha inclusión na Moción e aprobála, o que non ten moito sentido é que presentemos e aprobemos 2 mocións sobre o mesmo tema, me parece ridículo cando o fondo é o mesmo. Non tratamos de dicir que non porque non, creo que si o tema é xustificable se pode chegar a un acordo, polo tanto si tanto o PSOE como o BNG queren introducir algo sobre esta moción me parece que sería moito máis práctico.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Era para non entrar en intereses de si unhas frases ou outras, o que vexo incorrecta é esta exposición porque según as informacións que teño, e non son ningún especialista, pero polo meu traballo busquei información e recoñezo que ó mellor teño máis facilidade para chegar a ela que algún de vostedes polas circunstancias do meu traballo, pero iso non ten importancia; o que sí sei é que o prezo do kw non varía, iso mo confirmaron hoxe á mañán porque o preguntei especificamente, o prezo do kw de tarifa nocturna non varía.

SRA.SILVA, PP.- Pero sí varía según a potencia do contrato. Eu teño que contratar máis potencia, a mín me sairá a hora punta e a hora val máis cara que o que contrate menos potencia. E as familias numerosas, ou as metemos a todas en 37 m2, como quería a ministra, e fan alí unha comuna e contratan menos, ou senón me temo que non o van a pasar moi ben. Vostede é máis experto que eu neste tema pero eu leín todo o Decreto, e a mín me sae máis caro.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu comprendo que haxa confusión porque é un lio, pero vai a saír máis caro o recibo, non o kilovatio, e aquí se di que vai saír máis caro o kw; son distintos conceptos.

SR.ALCALDE.- Non vamos a entrar en discusións técnicas, da igual quen teña a razón, iso non é o importante; o importante politicamente é dicir que queremos, a que acordo chegamos para decirlle á Consellería, ou ó Ministerio, o que queremos, ¿qué querrían incluír os grupos do PSOE e do BNG nesta Moción?, si estamos todos dacordo se vota a favor e non hai máis.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Iso era o que dixen eu na moción anterior: o acordo é o importante, non a exposición. En todo caso, no anterior, votaron en contra. A nos parécenos ben, si lle parece ó equipo de goberno, que o noso punto tal e como está se inclua, que casi dí o mesmo pero é máis amplo, o segundo punto, xa que o noso é máis completo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SRA.SILVA, PP.- Estou dacordo co que ti expoñes, pero o noso era un pouco máis global, máis aberto, o de “minimizar o impacto económico”, porque isto é un Decreto que ten que estar vixente o 1 de xullo, entón non vai haber volta atrás, e oxalá que ó final haxa xente que sí, que ó mellor adaptando lles saia rentable, pero si esto vai adiante ós que non lles supoña rentable por iso, porque o consumo diurno sempre vai ser superior pois porque a casa é grande, ou porque ten bomba, etc., van a saír pagando máis, e o que non queremos é pagar unha segunda hipoteca, queremos quentarnos sen pagar unha segunda hipoteca. Ben, pois para esas persoas ás que non lles vaia ben isto polo menos que haxa indemnizacións para o cambio de calefacción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Si, aquí pon: “así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos”.

SRA.SILVA, PP.- Dos equipamentos: dos acumuladores que teño; pero é que si eu teño que tirar con eles e pór outro sistema de calefacción non entra dentro de isto.

No noso acordo sí se contempla posto que dí: “..... a adopción dos mecanismos oportunos para minimizar o impacto económico que suporá para as economías domésticas do Concello de Baiona a devandita adaptación tarifaria”; no seu acordo para mín no existe adaptación algunha, a miña adaptación é cambiar de calefacción, é a única adaptación posible.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- Eu engadería o que están pedindo agora as Asociacións de consumidores e os usuarios, que se elimine do Decreto o carácter retroactivo da aplicación das tarifas, ou sexa, que se respeten os contratos anteriores á aprobación do Decreto Lei. Este é un Decreto Lei e se pode modificar; son peticións das asociacións e dos usuarios e creo que dende o Concello se poden apoiar estas peticións.

SR.ALCALDE.- Entendo que hai que demandálo ó Ministerio. A modificación do Decreto sería por parte do Ministerio. A moción quedaría con 4 puntos.

Polo Sr.Alcalde sométese á votación, en primer lugar, da ENMENDA, consistente en engadir á Moción presentada polo grupo de goberno o 3º punto, que figura na Moción do BNG, que dí:

- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria, así como a inclusión da proposta da Sra.Miguez, PSOE, consistente en “Instar ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio á que se respeten ós contratos asinados con anterioridade a entrada en vigor da Real Decreto 1634/2006 de 29 de decembro”,

resultando aprobada por unanimidade.

O Sr.Alcalde somete a votación as Mocións de maneira conxunta, resultando aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

1º.- Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratada a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos oportunos para minimizar o impacto económico que suporá para as economías domésticas do Concello de Baiona a devandita adaptación tarifaria.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

4º.- Instar ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio á que se respeten ós contratos asinados con anterioridade a entrada en vigor da Real Decreto 1634/2006 de 29 de decembro”,

9.-MOCIONS.

Non se presentan mocións.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.

- ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:

1º.- A ver si é posible que igual que na páxina oficial do Concello se están pondo as actas aprobadas, si poderíamos tamén incluír as convocatorias coa Orde do Día, para favorecer a asistencia de veciños ó Pleno.

2º.- Rogar que nos faciliten os famosos planos impresos do PXOU porque para nós é importante, aínda que decía o Sr.Vilar que non estamos nun proceso de alegacións, sí o estamos de estudio, e nos é máis fácil estudar sobre un papel impreso nun plano; non sei cal é o motivo polo cal non se pode dar.

3º.- Outro Rogo que me fixo un grupo de veciños é que a ver si por parte dos servizos de limpeza e de mantemento se lle pode dar un vistazo ó Cemiterio, que parece ser que hai unha serie de nichos sen usar que están abertos, parece que se utilizan como papeleiras, que está un pouco descoidado; isto foi o que me fixeron chegar e eu o fago chegar tamén a este Pleno.

SR.ALCALDE.- O tema dos planos non é un capricho, ¿vostede sabe a qué número de planos se está referindo?. O básico o ten posto que xa se deu, e tódolos grupos poden utilizar o que temos no Concello; teñen o plano xeral, teñen o dvd, e si queren algún plano específico, tamén poderemos darllo, o que está claro é que non se van a dar 40 planos desas características a todo o mundo cando incluso alguén ao mellor nin os vai a usar. Os teñen expostos aquí no Concello, e dende o primer día comentamos que podedes vir en calquer momento e estar cos técnicos, non hai nada que ocultar. O problema é de tramitación do que supón porque non é unha fotocopia normal, é moito máis complexo, non é un capricho.

SR.VILAR, CMÑ.- Respecto á segunda intervención que fixo o Sr.Lores, quero decirlle que por parte dos servizos municipais de Vías e Obras se están fundindo xa as planchas para tapar os nichos que por unha serie de razóns algúns se foron sacando e quedaron sen planchas, pero agora xa se están fundindo e se van a colocar, espero que nun prazo breve queden tódolos nichos tapados, aínda que non sexa unha obriga nosa senón que podería ser dos propietarios, pero nós llo facemos para ser moito máis prácticos e avanzar nese tema.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

Temos unha serie de **preguntas** que quedaron sen contestar no derradeiro Pleno.

1º.- ¿Porqué estivo paralizada a obra de Herminio Ramos cando faltaba un treito moi pequeno?.

SR.ALCALDE.- Un problema naquel momento de autorizacións, cruce de carreteras e demáis.

2º.- O punto de información dáctil que está na rúa Elduayen ¿cando pensan pór operativos os idiomas ofertados, entre eles o galego?.

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno, non teño aquí a información.

3º.- ¿Coñece o equipo de goberno a operación “Malpolón”?.

SR.ALCALDE.- Coñezo o que sae nos medios de comunicación.

4º.- ¿Qué relación existe entre o equipo de goberno e Carlos Rocha Portela?.

SR.ALCALDE.- A mesma relación que cando vostede estaba no goberno, que lle venderon algunha parcela, como na época nosa, e logo coincidimos (teño unha nota do Clube Erizana, creo que vai vostede por ahí e ata agora a miseria era política pero agora teño que dicir que é miseria persoal sua), teño unha nota, sabe que coincide que patrocina ó Erizana, sabe que é un clube que está conveniado co Concello de Baiona, non é municipal pero ten unha axuda do Concello, e este Clube recibe, polo que me dicen, un patrocinio da empresa do Sr.Rocha, e nos invita ós actos de presentación do equipo aos que colaboramos co Erizana, cousa que fai o Concello, e o Sr.Rocha (según nos comunica o Erizana) tamén o fai. Non sei si eso ten que ver tamén coa coincidencia de que haxa xente como vostede que ten unha tenda nun centro Comercial que foi construído polo Sr.Rocha, non sei si se refire a ese tipo de coincidencias, pero eu quero dicirle que eu tamén vou ós cines da ramallosa no centro que construíu o Sr.Rocha. A nota que me pasa o Erizana dí: “O grupo IGLEPOR é unha empresa de promocións inmobiliarias que aparece en el Club en la temporada 2006-07 para esponsorizar los equipos senior masculino y femenino. Tras lograr el Campeonato de Liga tanto en hombres como mujeres se le hicieron varios actos de reconocimiento por la buena labor llevada a cabo por los jugadores, entrenadores, y demás, y también se agradeció el apoyo de patrocinadora e Instituciones Públicas (Concello), que con su colaboración apoyaron al deporte en Baiona”.

Si vostede quer adoptar unha actitude de enmerdar, siga facendo o que crea convinte, pero persoalmente lle digo que ata agora tiña discrepancias políticas con vostede pero agora tamén son personais, penso que vostede o que trata ó final é de que Baiona non progrese e recordarlle unha cita dun pensador, creo que o coñece porque ten pasado temporadas en Baiona, e me parece que é interesante, dí “vivimos en una sociedad deslenguada, que no cuida sus palabras, que ha desarrollado una detestable tolerancia hacia los malos modos, estamos prestigiando a vociferos y expertos en improperios y si seguimos así no escucharemos a nadie que hable sin insultar. Podemos desarrollar una sordera total para el argumento y fomentar una predilección morbosa hacia el exabrupto; los medios de comunicación están fomentando esta dinámica soez y violenta, y también una trivialización de lo dicho, “verba volum”, las palabras vuelan, lo que se dice hoy se olvida mañana porque estamos sometidos a un chorro incesante de opiniones, comentarios, interpretaciones, improvisaciones, que pueden olvidarse, corregirse, desdecirse; todo es un espectáculo, nadie toma en serio lo que se dice; la ligereza de palabra, el desliz, toma carta de naturaleza; el calentón de boca puede convertirse en epidemia; antes como gran garantía se decía “te doy mi palabra”, esta expresión ahora solo despertaría hilaridad; a sabiendas de que voy contra corriente creo que es imprescindible recuperarla”.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Este señor que escribe y que veranea en Baiona no es sospechoso de ser del PP, se llama José Antonio Marina y creo que es uno de los filósofos más importantes que tiene España. Desgraciadamente creo que la actitud suya personal está siguiendo estas pautas, creemos que no es la adecuada, pero cada uno elige su camino y en su caso usted ha elegido el que ha elegido.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O concelleiro que fala, fala aquí como portavoz municipal, non con actitudes personais, en primer lugar. En segundo lugar, non é propietario de ningún comercio en ningún Centro Comercial; en tercer lugar, quero decirlle que vostede haberá sido invitado polo Clube Erizana, que eu nunca o nomeei en ningún momento, pero que esta fotografía se fixo aquí neste salón, e esta fotografía onde aparecen o Sr.Rocha, o primer teniente de Alcalde, e o Alcalde, foi feita aquí neste salón, non no Clube Erizana; aquí hai máis membros que son persoas alleas á política e por iso non saen, hai 4 persoas máis.

SR.ALCALDE.- Cando hai unha foto así no Concello de Baiona, son públicas, non ten ningún problema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Hai que ter máis elegancia política, Sr.Alcalde. Cando saíu esa foto recordará vostede que lle dixen “dime con quien andas y te diré quien eres”, llo dixen, pero é máis, eu lle pregunto ¿existíu ou existe algún tipo de privilexio en materia urbanística coas Promociones IGLEPOR ou coas empresas relacionadas co Sr.Rocha?.

SR.ALCALDE.- Na nosa etapa de goberno xamáis.

5º.- ¿Qué interese tivo o equipo de goberno anterior en levantar o asento posto polo anterior goberno BNG-PSOE no Rexistro da Propiedade para disuadir ós compradores de vivendas dun apart-hotel en Sabarís?.

SR.ALCALDE.- O que marcan os informes xurídicos, estes informes marcan a legalidade neste país.

SR.FERNANDEZ: ROGAMOSLLE, Sr.Alcalde, porque é o Alcalde deste Concello e de todos/as os baioneses/as, que no sucesivo teña máis coidado coas compañías que elixe exercindo a acción de goberno.

SR.ALCALDE.- O mellor Rogo que escoito eu no tempo que levo de Alcalde, e dende logo sei con quen nunca máis estarei sentado, xa o sei, xa o teño claro.

SR.VILAR, CMÑ.- Sr.Fernández, vostede está levando esto a unha situación perigosa, entre outras cousas porque vivimos nunha sociedade democrática e aquí todo o mundo é inocente mentres non se demostre o contrario.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Está na cárcere.

SR.VILAR, CMÑ.- Pero cando se fixo a foto non, e ahí está vostede manipulando, nunha sociedade democrática calquer cidadá, calquer promotor, calquer empresario, se entende que está cumprindo as normas, está en liberdade, está exercindo sua profesión, nós dende aquí non podemos prexuzgar, e ao mellor unha persoa ven aquí e mantén unha perfecta relación con nós e ó día seguinte se lle descubre un escándalo e está na cárcere, pero non podemos por iso prexuzgar. Polo tanto vostede está levando o terreo a unha situación moi complicada, eu creía que era unha cousa persoal sua pero no momento que dí “portavoz do BNG” está metendo vostede o barco nas pedras. Neste pobo todos nos coñecemos, todos, e creo que si algún dos do equipo de goberno temos a cousa clara é que é moi difícil, imposible,



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

relacionar a calquer membro do actual equipo de goberno con temas de narcotráfico, é imposible. Si vostede me está decindo que temos amistades con persoas que foron detenidas por posibles blanqueos de diñeiro, está asociando as cousas, e vostede sabe que iso é imposible e ademais está pondo sobre a mesa un tema cando todos nos coñecemos no que nós non queremos entrar porque ante todo cada ún é responsable dos seus propios actos, e eu creo que tódolos concelleiros desta Corporación, e anteriores incluso, nadie ten relación con ese mundo, nadie. Eu lle quero decir que o que está facendo agora, manipulando unha fotografía, na que estamos unha serie de persoas, incluso unha serie de nenos que participaron, e vostede está recortando esa fotografía, está manipulando un tema; está sacando notas na prensa para enmerdar ó equipo de goberno, como dí vostede, e por iso eu me sinto aludido. Eu sinto respecto como portavoz por vostede, e discrepamos en moitas cousas, pero neste caso vostede se está metendo nun terreo moi deslizante polo tampo lle rogo que retire tódolo que acaba de decir, tódolo que acaba de insinuar, e lle esixo que acuda ós medios de comunicación e recoñeza que se equivocou, que foi un momento de calentura, que vostede sabe que as cousas son como son e non como vostede quería que foxen. Por iso lle digo Sr.Fernández, coidado, coidado.

6º.- ¿Porqué motivo non se recolle o lixo en tódalas parroquias tódolos días da semán?.

7º.- A día de hoxe ¿cántas demandas no Xulgado levan posto os traballadores contra as accións de goberno?.

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno.

ROGARIAMOS que nos den por escrito cales foron as subvencións que deron no 2007 ós grupos de actuacións musicais. Nada máis, moitas gracias, Sr.Alcalde.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.